

**IES XOÁN MONTES**

**LUGO**

**RELIXIÓN CATÓLICA**

**CURSO 2021-2022**

**PROGRAMACIÓNS**

**DIDÁCTICAS**

PROFESOR  
ENRIQUE-LUÍS SÁNCHEZ ARIAS

# ÍNDICE

I.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN,	P. 5
II.	A MATERIADE RELIXIÓN CATÓLICA CONTRIBUE NA SÚA MEDIDA A ACADAR OS OBXECTIVOS DA ESO	P. 10
III.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	P.13
IV.	TEMPORALIZACIÓN	P.28
V.	CONCRECIÓNS METOLÓXICAS	P-44
VI.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	P.47
VII.	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL	P.58
VIII.	CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	P.59
IX.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN	P.60
X.	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	P.60
XI.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	P.53
XII.	MEDIDAS DE ATENCIÓN À DIVERSIDADE	P.69
XIII.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	P.70
XIV.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	P.74
XV.	PROXECTO LECTOR	P.75
XVI.	TICS	P.77
XVII.	INDICADORES DE LOGRO	P.80
XVIII.	MECANISMOS DE REVISIÓN	P.84
XIX.	CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO	P.86
I.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	P. 90
II.	A MATERIADE RELIXIÓN CATÓLICA CONTRIBUE NA SÚA MEDIDA A ACADAR OS OBXECTIVOS DO BAC	P.92
III.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS	
IV.	COMPETENCIAS CLAVE	p.95
V.	TEMPORALIZACIÓN	P.108
VI.	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	P.112
VII.	ORGANIZACIÑON DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN ACREDITAR AO ALUMNADO OS COÑECEMENTOS	P.115
VIII.	CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	P.115
IX.	MECANISMOS DE REVISIÓN	P.126
X.	DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL	P.127
XI.	GRAO MINIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	P.128
XII.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	P.130

XIII.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	P.131
XIV.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	P.133
XV.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTREESCOLARES	P.137
XVI.	PROXECTO LECTOR	P.139
XVII.	TICS	P.141
XVIII.	INDICADORES DE LOGRO	P.144
XIX.	CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO	P.149
XX.	CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	P.149
XXI.	ADDENDA	P 153
XXII.	ANEXO	p.158

## **1º, 2º, 3ºe 4º DA ESO**

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## RELIXION CATOLICA

### Educación Secundaria Obligatoria

**A presente programación basease na lexislación vixente, LOMCE , Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e en concreto:**

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

E

*Resolución de 11 de febrero de 2015, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la enseñanza de Religión Católica de la Educación Primaria y de la Educación Secundaria Obligatoria.*

BOE 24 DO 2 DO 2015

## I. **Introdución e contextualización**

O IES Xoán Montes é un Centro Urbano, cuns trescentos alumnos e alumnas.

O medio sociocultural do centro é Medio, cun índice alto e alumnado estranxeiro.

O Centro desenvolve varios programas: bibliotecas, comenius....

Neste contexto:

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A relixión é un feito presente innegablemente na humanidade e na nosa sociedade, por iso a necesidade dun estudo sistemático para comprender a nosa historia e cultura galegas que están conformadas por crenzas, símbolos e valores do cristianismo. O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de

respectar e ter en conta o conxunto de valores nos que a persoa naceu e que se denomina tradición.

Así, o currículo de Relixión Católica contribúe á educación integral do estudante nesa necesidade pois responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, á vez, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, é promovido o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psicolóxico e evolutivo do alumnado.

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante “dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións” no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

O Acordo Internacional que subscribiu o Estado Español coa Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, outorga (art. 6) a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica. Esta programación é desenvolvida, consecuentemente, segundo as orientacións da Comisión Episcopal correspondente que dispuxo

catro bloques de contidos os cales se espallan aquí en tres avaliacións para cada un dos niveis do centro.

A presenza do ensino relixioso na escola responde, en primeiro lugar, á importancia que esta asignatura ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e unha educación de calidade, si non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales atópase a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal fora a súa manifestación concreta.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pola súa banda, a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante «o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións» no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

A Igrexa, como se recolle no número 2 da Gravissimum Educationis, realizou continuos esforzos para favorecer que a formación relixiosa se imparta no ámbito escolar, como contribución decisiva á formación integral da persoa. Por ese motivo, a Santa Sé subscribiu un Acordo Internacional co Estado Español sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, onde se outorga a competencia para elaborar o currículo da asignatura de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica (art. 6).

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición.

Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, se promove o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos. Por iso, o contido do currículo parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respetuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentales e transversales propios de cada etapa educativa.

O desenvolvemento do currículo se estrutura en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropológico cristián acumulado ao longo dos



séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faino nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélica, centro do terceiro bloque do currículo e eixe vertebrador da asignatura. Para rematar, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar, que lonxe dunha finalidade catequética ou de adoctrinamiento, o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá.

A estrutura do currículo de Educación Secundaria intenta poñer de manifesto a profunda unidade e harmonía da iniciativa creadora e salvífica de Deus.

O primeiro bloque parte dos datos máis evidentes: a constatación da realidade das cousas e os seres vivos, de modo especial o home. Impónllos a súa existencia como dato evidente. Nun segundo paso, si a persoa non se queda no primeiro impacto ou simple constatación da súa existencia, ten que recoñecer que as cousas, os animais e o ser humano non se dan ao ser a si mesmos. Logo Outro os fai ser, os chama á vida e manténlla. Por iso, a realidade en canto tal é signo de Deus, fala da súa existencia.

A iniciativa creadora de Deus ten unha finalidade: establecer unha relación de amizade co home. É dicir, Deus creou ao ser humano para que sexa feliz en relación con El. Os relatos bíblicos da Creación e o Paraíso exemplifican bellamente a finalidade da creación da persoa e do mundo enteiro para o

seu servizo. Da súa orixe creatural e da súa chamada a participar na amizade con Deus xorde a súa dignidade inviolable.

O ser humano pretende apropiarse do don de Deus prescindindo del. Nisto consiste o pecado. Este rexeitamento de Deus ten como consecuencia no ser humano a imposibilidade de ser feliz. Dado que a súa natureza está feita para o ben, a súa experiencia de mal e de límite faille añorar a plenitude que el non pode darse por si mesmo e busca dalgún modo restablecer a relación con Deus. Esta necesidade do ben, o desexo de Infinito que caracteriza ao ser humano exprésase nas relixións como procura do Misterio.

A esta procura humana responde manifestándose na historia. Para iso, elixe un home, Abrahán, do que formará o pobo de Israel, con quen establece unha alianza no monte Sinaí. A través de feitos e palabras Deus irá dándose a coñecer aos homes dese pobo. Todo este acontecer histórico da manifestación de Deus está recollido nos libros sagrados da Biblia. Neste conxunto de libros non só se recolle as diferentes intervencións de Deus na historia, senón tamén o ensino que comunica ao seu pobo para que viva unha vida santa; unha sabedoría que influirá positivamente na vida do pobo de Israel e, co tempo, no mundo enteiro.

A historia de Israel exemplifica a traizón e rebelión dos homes ante a iniciativa amorosa de Deus e ao mesmo tempo pon en evidencia a constante fidelidade divina. A promesa dun salvador cumprírase en Cristo Xesús.

Xesús, o Fillo de Deus, faise presente na historia para levar a cabo a misión encomendada polo Pai. En Xesucristo cúmprese o desexo de felicidade que o home descobre no seu corazón.

Xesús non só desvela o misterio humano e lévao á súa plenitude, senón que manifesta o misterio de Deus, fainos coñecer que o verdadeiro Deus é comuñón: Deus un e trino.

Aqueles que participan da vida de Cristo forman a Igrexa, que é a gran familia de Deus. Continuamente xerada pola acción de Xesucristo a través dos sacramentos, ponse no mundo como inicio dun mundo novo, dunha cultura nova. A Igrexa é a prolongación de Cristo no tempo e o espazo. Só nela a persoa humana atópase co Xesucristo vivo.

A vida eclesial é alimentada e servida mediante os diferentes sacramentos instituídos por Xesucristo, está ritmada polos tempos litúrxicos, exprésase na oración comunitaria e a caridade, fructifica na xeración dunha civilización do amor.

Estes catro bloques que compón a asignatura de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta suscita. Por iso, os contidos xerais da asignatura contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

## **II. A materia de relixión católica contribue na súa medida a acadar os obxectivos da etapa:**

## Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.

Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar

críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**III. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

### **1. Comunicación lingüística (CCL).**

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe:

## Estándares de aprendizaxe

<p>1ª) Comunicación lingüística (CCL)</p>	<p>-Expresa oralmente e por escrito sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.</p> <p>-Interpreta e comprende diversos textos relixiosos cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica.</p> <p>-Organiza o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.</p>
---	---



## 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

### Estándares de aprendizaxe

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"><li>-Clasifica os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.</li> <li>-Aplica o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias e emprega o razoamento indutivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos.</li> <li>-Aplica o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.</li></ul>
---	--

## 3. Competencia dixital (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de

estudiantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

### **Estándares de aprendizaxe**

3ª) Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"><li>-Utiliza os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso.</li> <li>-Intercambia información e ideas relixiosas mediante a Rede.</li> <li>-Aplica criterios para a selección da información relixiosa e utiliza os instrumentos axeitados para rexistrala.</li></ul>
------------------------------	---

### **4. Aprender a aprender (CAA)**

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

## Estándares de aprendizaxe

4ª) Aprender a aprender (CAA)	<ul style="list-style-type: none"><li>-Investiga de xeito persoal no ámbito da relixión suscitando e formulando preguntas.</li> <li>-Transforma a información relixiosa en coñecemento propio.</li> <li>-Aplica coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos.</li> <li>-Atopa e usa canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.</li></ul>
-------------------------------	---

## 5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

## Estándares de aprendizaxe

<p>5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)</p>	<p>-Valora e respecta o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia.</p> <p>-Aplica os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos.</p> <p>-Mostra un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial.</p> <p>-Aprecia e respecta o principio democrático de laicidade.</p>
---	---

## 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

### Estándares de aprendizaxe

<p>6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</p>	<p>-Planifica e participa en proxectos relacionados coa misión cristiá adaptando proxectos misioneiros a</p>
---	--

	<p>contextos e situacións propias dun Centro educativo.</p> <p>-Proxecta accións con outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva.</p> <p>-Comprométese nas institucións e servizos ao seu nivel desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.</p>
--	---

## 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

### Estándares de aprendizaxe

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)	<p>-Coñece e aprecia o rico patrimonio artístico galego de inspiración relixiosa.</p> <p>-Comprende as obras artísticas relixiosas e expresa os seus elementos a través da</p>
--	--

	<p>creatividade, imaxinación e iniciativa.</p> <p>-Crea expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.</p>
--	---

Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística, que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Sen esquecer a singularidade que esta asignatura aporta á dimensión de escoita da comunicación.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuindo así á adquisición das competencias sociais e cívicas. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, ao exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna,

motivando o aprecio pola propia cultura e estímoo adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescindese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade no enriquecemento do noso patrimonio cultural.

A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

En canto aos contidos procedimentales, a asignatura de relixión católica forma de xeito transversal nunha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos procedimentales adquirense ao longo do desenvolvemento curricular, colaborando así na consecución das competencias asignadas aos currículos de ESO e Bacharelato. Concretamente os contidos procedimentales de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

Os contidos procedimentales básicos da asignatura de relixión católica son os seguintes:

- *Observación da realidade.* O feito relixioso nace da apertura do ser humano á realidade total. A asignatura de relixión católica pretende

colaborar na formación da dimensión natural que nace do asombro ante o real e empúxanos a preguntas últimas sobre o sentido. Observar é máis que ver e require dun adestramento en disposicións específicas que non rehúyan as dimensións espirituais do real.

- *Procura de información, manexo e interpretación de fontes bíblicas.* O estudo do cristianismo require o manexo das Sagradas Escrituras e textos referidos ás mesmas que forman parte do corpus teolóxico acumulado ao longo da historia.
- *Reflexión Crítica.* O desenvolvemento da asignatura axuda a coñecer a xénese das ideas dominantes, a detectar prexucios fronte á verdade, a examinar con profundidade as propias ideas e sentimentos fundamentais.
- *Exposición e argumentación respetuosa das crenzas relixiosas propias e alleas.* A asignatura de relixión católica contribúe á formación de competencias que permitan expoñer e defender a racionalidade das propias crenzas relixiosas e o respecto polas alleas.

Para rematar, hai que destacar que a asignatura contribúe á consecución de contidos de carácter actitudinal que son coherentes cos obxectivos básicos de cada etapa. Permite coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e esforzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de xeito directo a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das



diferentes culturas, así como das diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación.

### **Orientacións de metodoloxía didáctica**

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados» (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro).

Neste sentido a asignatura de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- *Recoñecemento do rol do docente.* O docente é peza crave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- *Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.* Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

- *Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.* Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
- *Consideración da dimensión humanista.* Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A asignatura de relixión, dende a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentales, cognitivos, actitudinales, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- *Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes.* Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.
- *Seguimento dos criterios de avaliación educativa.* Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se evalúe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
- *Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo.* O estudo e reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria,

é unha asignatura adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.

- *Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos.* O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar

### Esquemáticamente:

#### ASIGNATURA: RELIXIÓN 1º ESO

Resolución de 11 de febrero de 2015, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la enseñanza de Religión Católica de la Educación Primaria y de la Educación Secundaria Obligatoria.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos en los que reconoce que la realidad es dada.	I	X			X	X		X
RE1.1.2	1.2 Evalúa, compartiendo con sus compañeros, sucesos y situaciones en las que queda de manifiesto que la realidad es don de Dios.	B				X	X	X	
RE1.2.1	2.1 Argumenta el origen del mundo y la realidad como fruto del designio amoroso de Dios.	I	X					X	
RE1.3.1	3.1 Relaciona y distingue, explicando con sus palabras, el origen de la creación en los relatos míticos de la antigüedad y el relato bíblico.	I	X						X
RE1.4.1	4.1 Conoce y señala las diferencias entre la explicación teológica y científica de la creación.	I	X	X		X			
RE1.4.2	4.2 Respeta la autonomía existente entre las explicaciones, teológica y científica, de la creación.	B		X					X
RE2.1.1	1.1 Conoce, interpreta y construye una línea del tiempo con los principales acontecimientos y personajes de la historia de Israel.	A		X	X	X			X
RE2.1.2	1.2 Muestra interés por la historia de Israel y dialoga con respeto sobre los beneficios de esta historia para la humanidad.	B					X	X	X
RE2.2.1	2.1 Busca relatos bíblicos y selecciona gestos y palabras de Dios en los que identifica la manifestación divina.	B	X			X			
RE2.3.1	3.1 Recuerda y explica constructivamente, de modo oral o por escrito, acciones que reflejan el desvelarse de Dios para con el pueblo de Israel.	B	X				X	X	
RE3.1.1	1.1 Identifica y clasifica de manera justificada las diferencias entre la naturaleza divina y humana de Jesús en los relatos evangélicos.	A	X			X			
RE3.1.2	1.2 Se esfuerza por comprender las manifestaciones de ambas naturalezas expresadas en los relatos evangélicos.	B				X			
RE3.2.1	2.1 Reconoce a partir de la lectura de los textos evangélicos los rasgos de la persona de Jesús y diseña su perfil.	B	X					X	
RE3.3.1	3.1 Ordena y explica con sus palabras los pasos del proceso formativo de los evangelios.	I	X						X
RE4.1.1	1.1 Señala y explica las distintas formas de presencia de Jesucristo en la Iglesia: sacramentos, palabra de Dios, autoridad y caridad.	I	X				X		X
RE4.2.1	2.1 Conoce y respeta que los sacramentos son acción del Espíritu para construir la Iglesia.	B					X		X
RE4.2.2	2.2 Asocia la acción del Espíritu en los sacramentos con las distintas etapas y momentos de la vida.	B						X	X
RE4.2.3	2.3 Toma conciencia y aprecia la acción del Espíritu para el crecimiento de la persona.	I						X	

COMPETENCIAS CLAVE: CL: Competencia lingüística CMCT: Competencia matemática ciencia y tecnología CD: Competencia digital AA: Aprender a aprender CSC: Competencia social y cívica SIEE: Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor. CEC: Conciencia y expresiones culturales.

**ASIGNATURA: RELIGIÓN 2º ESO**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Argumenta la dignidad del ser humano en relación a los otros seres vivos.	I	X			X	X		
RE1.2.1	2.1 Distingue y debate de forma justificada y respetuosa el origen del ser humano.	I	X				X	X	
RE1.3.1	3.1 Valora, en situaciones de su entorno, la dignidad de todo ser humano con independencia de las capacidades físicas, cognitivas, intelectuales, sociales, etc.	B				X	X		X
RE1.4.1	4.1 Clasifica acciones del ser humano que respetan o destruyen la creación.cambios para potenciar los derechos humanos, la convivencia, el progreso y la paz.	B					X	X	X
RE1.4.2	4.2 Diseña en pequeño grupo un plan de colaboración con su centro educativo en el que se incluyan al menos cinco necesidades y las posibles soluciones que el propio grupo llevaría a cabo.	I		X				X	
RE2.1.1	1.1 Busca y elige personajes significativos del pueblo de Israel e identifica y analiza la respuesta de fe en ellos.	B	X			X			X
RE2.2.1	2.1 Se interesa por conocer y valora la respuesta de fe al Dios que se revela.	B				X		X	X
RE2.3.1	3.1 Identifica, clasifica y compara las características fundamentales de los Libros Sagrados mostrando interés por su origen divino.	B	X						X
RE2.4.1	4.1 Lee, localiza y esquematiza los criterios recogidos en la Dei Verbum en torno a la interpretación de la Biblia valorándolos como necesarios.	A	X					X	
RE2.5.1	5.1 Distingue y señala en textos bíblicos la presencia de un Dios que se comunica, justificando en el grupo la selección de los textos.	A	X			X	X		
RE2.5.2	5.2 Conoce y justifica por escrito la existencia en los Libros Sagrados del autor divino y el autor humano.	I	X			X			
RE3.1.1	1.1 Conoce y describe las características del Dios cristiano.	B	X						X
RE3.1.2	1.2 Lee relatos mitológicos, localiza rasgos de las divinidades de las religiones politeístas y los contrasta con las características del Dios cristiano.	I	X		X	X			X
RE3.2.1	2.1 Reconoce, describe y acepta que la persona humana necesita del otro para alcanzar su identidad a semejanza de Dios.	I	X			X	X		X
RE3.3.1	3.1 Confecciona materiales donde se expresan los momentos relevantes de la historia salvífica y los relaciona con las verdades de fe formuladas en el Credo.	I			X			X	
RE3.4.1	4.1 Clasifica las verdades de fe contenidas en el Credo y explica su significado.	B	X			X			
RE4.1.1	1.1 Localiza en el mapa los lugares de origen de las primeras comunidades cristianas y describe sus características.	B	X	X	X	X			
RE4.1.2	1.2 Reconstruye el Itinerario de los viajes de San Pablo y explica con sus palabras la difusión del cristianismo en el mundo pagano.	I	X	X	X	X		X	X

COMISIÓN EPISCOPAL DE ENSEÑANZA Y CATEQUESIS

4

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE4.2.1	2.1 Describe y valora la raíz de la unidad y santidad de la Iglesia.	A	X			X			X
RE4.2.2	2.2 Elabora materiales, utilizando las tecnologías de la información y la comunicación, donde se refleje la universalidad y apostolicidad de la Iglesia.	I			X			X	X

**COMPETENCIAS CLAVE:** CL: Competencia lingüística CMCT: Competencia matemática ciencia y tecnología CD: Competencia digital AA: Aprender a aprender CSC: Competencia social y cívica SIEE: Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor. CEC: Conciencia y expresiones culturales.

### ASIGNATURA: RELIGIÓN 3º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Expresa y comparte en grupo situaciones o circunstancias en las que reconoce la exigencia humana de felicidad y plenitud.	B	X				X		
RE1.2.1	2.1 Analiza y valora la experiencia personal frente a hechos bellos y dolorosos.	B				X	X	X	
RE1.2.2	2.2 Selecciona escenas de películas o documentales que muestran la búsqueda de sentido.	I			X			X	X
RE2.1.1	1.1 Identifica, analiza y comenta situaciones actuales donde se expresa el pecado como rechazo o suplantación de Dios.	I	X			X	X		
RE2.2.1	2.1 Analiza el texto sagrado diferenciando la verdad revelada del ropaje literario y recrea un relato de la verdad revelada sobre el pecado original con lenguaje actual.	A	X			X		X	X
RE3.1.1	1.1 Busca y selecciona biografía de conversos.	B	X		X				
RE3.1.2	1.2 Expresa juicios respetuosos sobre la novedad que el encuentro con Cristo ha introducido en la forma de entender el mundo, según las biografías seleccionadas.	B	X				X		X
RE3.2.1	2.1 Crea y comparte textos, videos clip, cortos, para describir las consecuencias que en la vida de los cristianos ha supuesto el encuentro con Cristo.	I	X		X	X		X	
RE4.1.1	1.1 Busca, selecciona y presenta justificando la experiencia de una persona que ha encontrado a Cristo en la Iglesia.	I	X			X		X	
RE4.2.1	2.1 Escucha testimonios de cristianos y debate con respeto acerca de la plenitud de vida que en ellos se expresa.	B	X				X		
RE4.3.1	3.1 Demuestra mediante ejemplos previamente seleccionados que la experiencia cristiana ha sido generadora de cultura a lo largo de la historia.	A	X			X			X
RE4.3.2	3.2 Defiende de forma razonada la influencia de la fe en el arte, el pensamiento, las costumbres, la salud, la educación, etc.	A	X				X		X

**COMPETENCIAS CLAVE:** CL: Competencia lingüística CMCT: Competencia matemática ciencia y tecnología CD: Competencia digital AA: Aprender a aprender CSC: Competencia social y cívica SIEE: Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor. CEC: Conciencia y expresiones culturales.

**ASIGNATURA: RELIGIÓN 4º ESO**

ESTANDARES DE APRENDIZAJE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMCT	CD	AA	CSC	SIEE	CEC
RE1.1.1	1.1 Identifica y clasifica los rasgos principales (enseñanza, comportamiento y culto) en las religiones monoteístas.	B	X		X	X			X
RE1.1.2	1.2 Busca información y presenta al grupo las respuestas de las distintas religiones a las preguntas de sentido.	B	X			X			X
RE1.2.1	2.1 Razona por qué la revelación es la plenitud de la experiencia religiosa.	I	X			X			
RE1.2.2	2.2 Analiza y debate las principales diferencias entre la revelación de Dios y las religiones.	I	X				X	X	X
RE2.1.1	1.1 Identifica y aprecia la fidelidad permanente de Dios que encuentra en la historia de Israel.	B				X			X
RE2.1.2	1.2 Toma conciencia y agradece los momentos de su historia en los que reconoce la fidelidad de Dios.	B				X		X	
RE2.2.1	2.1 Identifica, clasifica y compara los rasgos del Mesías sufriente y el Mesías político.	I	X						X
RE2.2.1	2.2 Se esfuerza por comprender la novedad del Mesías sufriente como criterio de vida.	A				X	X		
RE3.1.1	1.1 Localiza, selecciona y argumenta en textos evangélicos la llamada de Jesús.	B	X			X			
RE3.2.1	2.1 Lee de manera comprensiva un evangelio, identifica y describe la misión salvífica de Jesús.	B	X				X		
RE3.2.2	2.2 Busca e identifica personas que actualizan hoy la misión de Jesús y expone en grupo por qué continúan la misión de Jesús.	B	X				X	X	
RE4.1.1	1.1 Elabora juicios a partir de testimonios que ejemplifiquen una forma nueva de usar la razón y la libertad y de expresar la afectividad.	I	X			X		X	X
RE4.1.2	1.2 Adquiere el hábito de reflexionar buscando el bien ante las elecciones que se le ofrecen.	I				X	X	X	
RE4.1.3	1.3 Es consciente de las diferentes formas de vivir la afectividad y prefiere la que reconoce como más humana.	A				X	X		X
RE4.2.1	2.1 Identifica personas que son autoridad en su vida y explica cómo reconoce en ellas la verdad.	I	X			X	X		
RE4.2.2	2.2 Reconoce y valora en la Iglesia distintas figuras que son autoridad, por el servicio o por el testimonio.	B				X	X		X
RE4.2.3	2.3 Localiza y justifica tres acontecimientos de la historia en los que la Iglesia ha defendido la verdad del ser humano.	B	X					X	X
RE4.3.1	3.1 Investiga y debate sobre las iniciativas eclesiales de su entorno que colaboran en la construcción de la civilización del amor.	A	X		X		X	X	X

**COMPETENCIAS CLAVE:** CL: Competencia lingüística CMCT: Competencia matemática ciencia y tecnología CD: Competencia digital AA: Aprender a aprender CSC: Competencia social y cívica SIEE: Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor. CEC: Conciencia y expresiones culturales.

COMISIÓN EPISCOPAL DE ENSEÑANZA Y CATEQUESIS

7

## IV. Temporalización

***Tanto para 1º como para 3º, como para 2º e 4º***

1º avaluación, bloque I

2º avaluación, bloques II e III

3ª avaluación, bloque IV

## Relixión Católica

### 1º Curso

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES
<b>Bloque 1. O sentido relixioso do home</b>		
A realidade creada e os acontecementos son signo de Deus.	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus.</li><li>2. Identificar a orixe divina da realidade.</li><li>3. Contrastar a orixe da creación nos diferentes relatos relixiosos achega da creación.</li><li>4. Diferenciar a explicación teolóxica e científica da creación.</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos nos que se recoñece que a realidade é dada.</li><li>1.2 Evalúa, compartindo cos seus compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.</li><li>2.1 Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.</li><li>3.1 Relaciona e distingue, explicando coas súas palabras, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico.</li><li>4.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación.</li><li>4.2 Respecta a autonomía existente entre as explicacións, teolóxica e científica, da creación.</li></ol>
<b>Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia</b>		
Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de Relixión na Primaria.

Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final. En función desta avaliación poderanse adoptar medidas e accións de atención à diversidade: pluralidade metodolóxica, reforzos, adaptacións curriculares e todas aquelas que a lei contemple.

## VIII. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### Sistema de cualificación.

O 60% da cualificación de cada avaliación e de cada período ordinario corresponderase co resultado das probas obxectivas de avaliación RELACIONADOS COS ESTANDARES PROGRAMADOS NESTA PROGRAMACIÓN.

O 40% restante corresponderase cos traballos de aula, CADERNO-DIARIO DE AULA esforzo personal, atención, interese,...

Criterios de corrección de probas escritas: Ademais da exactitude das respostas, valorarase cunha penalización máxima de 1,0 punto a presentación das probas escritas (exámenes, traballos, apuntes, exercicios...) con respecto a:

- Deberá cuidarse a ortografía e a expresión
- Deberán manterse marxes
- Non se deben utilizar tachadas
- Considerarase unha falta de presentación a inclusión de debuxiños ou comentarios que non teñan que ver coa materia.

No caso de darse unha calificación con decimais por encima da expresión "..., 5" redondearase á unidade superior.

## **IX. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

### **Programa de recuperación:**

#### **a. Da propia materia durante o curso**

Para aqueles alumn@s que durante o curso non acadaran unha cualificación de cinco puntos, facilitaráselles procedementos de recuperación das avaliacións parciais, ben por medio de probas obxectivas ou de probas para avaliar coñecementos, segundo sexa o caso.

#### **De materias pendentes doutros cursos**

As medidas e os programas de recuperación serán as que estipule a lexislación vixente. En todo caso facilitaranse plans de traballo individualizados para facilitar que o alumno/a acade os obxectivos e mínimos esixibles.

## **X. Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

### **Grao mínimo de consecución para superar a materia(ESO).**

Para superar a materia de Relixión Católica neste curso 2016-2017 en ESO o alumno/a terá que acadar os seguintes estándares:

Grao mínimo de consecución para superar a materia

1º ESO

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS</b>	<b>VALOR</b>
Que o alumno identifique ao cristianismo entre as demais relixións.	20%
Que o alumno recoñeza de entre unha lista de persoaxes os que pertencen ao Antigo e ao Novo Testamento.	20%
Que o alumno sintetice dun xeito sinxelo a figura de Xesús de Nazaret.	20%
Que o alumno formule nunha táboa as diferenzas e semellanzas dos evanxeos sinópticos.	20%
Que o alumnos exprese correctamente o nome das parroquias e diocese nas que celebrou os sacramentos da iniciación cristiá.	20%

Grao mínimo de consecución para superar a materia (2º

ESO)

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS</b>	<b>VALOR</b>
Que o alumno identifique os libros fundamentais da Biblia	20%
Que o alumno recoñeza de entre unha lista de persoaxes os que pertencen ao Antigo e ao Novo Testamento.	20%
Que o alumno sintetice dun xeito sinxelo a figura de Deus Cristia	20%
Que o alumno formule argumentadamente as distintas posturas sobre a orixe do ser humano	20%
Que o alumnos exprese correctamente o significado da Igrexa como unas, santa, católica e apostólica	20%

Grao mínimo de consecución para superar a materia (3ºESO).

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS</b>	<b>VALOR</b>
Que o alumno recoñeza os distintos sentidos da vida propostos polas relixións monoteístas.	20%
Que o alumno explique a pertenza á Igrexa como pertenza ao <i>corpo de Cristo</i>	20%
Que o alumno describa situacións onde o perdón é indispensable para vivir en paz.	20%
Que o alumno relate algunha experiencia na que o encontro con Xesús mellorou os comportamentos dunha persoa.	20%
Que o alumno redacte brevemente a súa impresión sobre as persecucións que sofren os crentes na actualidade e as compare coas que sufrían os cristiáns dos primeiros séculos.	20%

Grao mínimo de consecución para superar a materia (4º ESO)

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS</b>	<b>VALOR</b>
Que o alumno recoñeza os distintos sentidos da vida propostos polas relixións monoteístas.	20%
Que o alumno recoñeza á fidelidade de Deus co home na Biblia e explique	20%
Que o alumno describa as características do mesías	20%
Que o alumno relate algunha experiencia na que se entenda que na Igrexa a autoridade é sinnónimo de servizo	20%
Que o alumno redacte brevemente un informe sobre a <i>misión de Xesús hoxe</i>	20%

Entenderase que un alumn@ obten avaliación positiva cando acada un 5, en cada unha das avaliacións. Facilitaranse procedementos de recuperación das avaliacións parciais, O final da terceira avaliación a nota habera de ser de 5 puntos, alomenos.

## XI. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizare

### **MATERIAIS CURRICULARES e OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

#### **Entre outros:**

#### **1º DA ESO**

1 Libros de consulta:

*La Biblia* - Ed. La casa de la Biblia

*La enciclopedia de la Biblia* .

*Atlas histórico.*

Recursos informáticos:

*La Biblia para niños.*



*Mi primera Biblia interactiva.*

*Historia del arte en DVD*

Vídeo/DVD:

*Jesús de Nazaret.*

*La túnica sagrada*

*Quo Vadis?*

Presentaciones:

*La Historia de la Salvación*

*Jesús, centro de la Historia de la Salvación.*

Prensa.

Empregaranse tamén técnicas de expresión oral e escrita, dramatizacións...

Neste sentido sinalar a importancia do emprego de todos aqueles materiais procedentes de Internet, outras redes, ou calquera outro soporte dixital.

## **2º DA ESO**

2 Libros de consulta:

*La Biblia* - Ed. La casa de la Biblia

*La enciclopedia de la Biblia* .

*Atlas histórico.*

Recursos informáticos:

*La Biblia para niños.*

*Mi primera Biblia interactiva.*

*Historia del arte en DVD*

Vídeo/DVD:

*Jesús de Nazaret.*

*La túnica sagrada*

*Quo Vadis?*

Presentaciones:

*La Historia de la Salvación*

*Jesús, centro de la Historia de la Salvación.*

Prensa.

Empregaranse tamén técnicas de expresión oral e escrita, dramatizacións...

Neste sentido sinalar a importancia do emprego de todos aqueles materiais procedentes de Internet, outras redes, ou calquera outro soporte dixital.

### **3º DA ESO**

Libros de consulta:

*La Biblia* - Ed. La casa de la Biblia

*Documentos del Vaticano II*

Otra bibliografía:

*La Biblia Didáctica.*

*La enciclopedia de la Biblia .*

*Un señor como Dios manda.*

*La Catedral .*

*Obelix y compañía*

*Diez palabras clave en Bioética*

Recursos informáticos:

*La Biblia Latinoamericana.*

*Mi primera Biblia interactiva.*

*Historia del arte en DVD*

Vídeos:

*Jesús de Nazaret.*

*La opción: Sacramento de Confirmación.*

*No sin mi hija*

*El pequeño Buda*

Las grandes religiones de la historia

*Sollicitudo Rei Socialis*

Diapositivas:

*La Historia de la Salvación*

*Jesús, centro de la Historia de la Salvación.*

Empregaranse tamén técnicas de expresión oral e escrita, dramatizacións...

Neste sentido sinalar a importancia do emprego de todos aqueles materiais procedentes de Internet, outras redes, ou calquera outro soporte dixital.

Prensa

4º DA ESO

Libros de consulta:

*La Biblia* - Ed. La casa de la Biblia

*Documentos del Vaticano II*

Outra bibliografía:

*La Biblia Didáctica.*

*La enciclopedia de la Biblia .*

*Un señor como Dios manda.*

*La Catedral .*

*Obelix y compañía*

*Diez palabras clave en Bioética*

Recursos informáticos:

*La Biblia Latinoamericana.*

*Mi primera Biblia interactiva.*

*Historia del arte en DVD*

Vídeos:

*Jesús de Nazaret.*

*La opción: Sacramento de Confirmación.*

*No sin mi hija*

*El pequeño Buda*

*Las grandes religiones de la historia*

*Sollicitudo Rei Socialis*

Diapositivas:

*La Historia de la Salvación*

*Jesús, centro de la Historia de la Salvación.*

Empregaranse tamén técnicas de expresión oral e escrita, dramatizacións...

Neste sentido sinalar a importancia do emprego de todos aqueles materiais procedentes de Internet, outras redes, ou calquera outro soporte dixital.

Prensa

## **XII. Medidas de atención á diversidade.**

*“La atención a la diversidad implica conocer, respetar, aceptar, valorar y responder a las diferencias individuales y culturales de los alumnos y alumnas y evitar cualquier tipo de discriminación. Educar en y para la diversidad significa desarrollar actitudes y comportamientos cooperativos y plurales, propiciar pautas de aprendizaje que den juego a todos los implicados en los procesos educativos, independientemente de su sexo, raza, cultura, deficiencia,... ha de ser un principio y una meta de la enseñanza, pero también camino y proceso” (Sáez, 1997).*

A mesma definición de Proxecto Curricular constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións de aula e nas súas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación ós intereses, capacidades e motivacións dos alumnos, respectando sempre un traballo común de base que permita a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Os recursos concretos para desenvolverla serán, entre outros:

1.- Manexar metodoloxías diversas.

2.- As actividades propostas terán en conta a diversidade dos alumnos. En todas as actividades favoreceremos a autonomía e o traballo en grupo para enriquece-la autoestima. Desta forma, cada alumno verá que él en sí mesmo é capaz de resolvelo exercicio ou axudar a un grupo para que se resolva.

3.- Utilizar materiais didácticos non homoxéneos, dos que se podan derivar actividades para diferentes grados de complexidade. Estas actividades para o tratamento á diversidade serán:

- Exercicios e problemas de reforzo.
- Exercicios e problemas de ampliación.
- Exercicios e problemas de profundización.

4.- Facer agrupamentos flexibles e con ritmos distintos.

E todas aquelas que indique a Lei.

**XIII. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

Artigo 4. Elementos transversais

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Ademais:

### **1. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.**

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

#### ***1 e 2. Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita***

- As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.
- Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

#### ***3. Comunicación Audiovisual***

- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio



comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.

-Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

#### ***4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información***

-Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.

-Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.

-Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

#### ***5. Emprendemento***

-Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

-Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.

-Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

### **6. Educación cívica:**

-Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

-Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.

-Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

-Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.

-Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

### **7. Prevención de violencia.**

-Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.

-Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.

-Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.

-Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

-Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

Potenciarase a transversalidade e o traballo interdisciplinar en cada un dos cursos. Asemade, como quedou sinalado arriba, terase en conta de xeito especial todo o referente á educación multicultural e todo o que a lexislación vixente marque.

#### **XIV. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

Dentro deste apartado, o Departamento programa distintas actividades como son: visitas a museos, realización dalgunha etapa do camiño de Santiago, visita a monumentos, conferencias e charlas sobre aspectos relacionados ca materia, ben na mesma aula ou fora dela... Este Departamento de Relixión e Moral Católica, potenciará, neste eido, a participación activa do alumnado en conmemoracións, campañas ou

calquera outro tipo de actividades propostas polo Centro, e/ou a autoridade educativa.

Visita didáctica á catedral de Lugo e a o Museo Diocesano.

#### **XV. Poxecto lector**

En cada una das sesións horarias adicarase alomenos 15 minutos á letura comprensiva: letura e interpretación de textos orais e escritos, comentarios de textos...Escritura de textos, tanto tipo redacción, como diálogos, exposicións... Preténdese que o alumno-lector manifieste unha serie de habilidades:

- Empregar os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.
- Dirixir de xeito autónomo a súa lectura: atención, corrección de erros, ...
- Empregar estratexias para acadar a comprensión: revisión, insistencia...
- Distinguir o importante do que non o é en función da finalidade da lectura.
- Resumir o lido como estratexia de comprensión.
- Realizar preguntas sobre o lido.

Outro tipo de habilidades.

- Ler un mapa.

- Ler e distinguir os distintos aspectos dunha cita bíblica.
- Interpretar unha gráfica.
- Comprender signos e símbolos das distintas relixións.
- Interpretar un cuadro relacionandoo ca escena bíblica correspondente e entender o influxo do relixioso no arte.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2016-2017 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE.

De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

- √ Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.
- √ Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.
- √ Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e

que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.

- √ Os exemplares da Biblia e demais libros que se usen serán do Departamento de Relixión ou da Biblioteca do Centro polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

## **XVI. Tics**

### **Obxectivos xerais para o profesorado:**

- Mellorar o plantexamento pedagóxico a través das TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programación, actividades, controis, fichas, ...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats,... e diversas redes de colaboración como internet.

### **Obxectivos xerais do alumnado:**

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.

- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e extensión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

Dende este Departamento potenciarase e facilitarase a aprendizaxe e o emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación: presentacións de traballos dos alumn@s, nas explicacións docentes, na busca de información en Internet; o encerado interactivo, o uso de gravadoras de voz e imaxe para a realización de pequenos curtametraxes....e todas cantas aquelas estean a disposición.

Desde as clases de Relixión contribuímos ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- Uso de correo electrónico para informar aos alumnos da realización dalgunha tarefa e para recepción dos seus exercicios, actividades e traballos.
- Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.
- Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan. Como mínimo farán uso dun procesador de textos.
- Creación de canles de comunicación con outros alumnos de Relixión doutros centros da mesma localidade e outras.

-Blogs de aula coa participación activa do alumnado. Presentación dos contidos de xeito atractivo e novedoso desde os blogs da materia de Relixión.

-Uso da Aula virtual do centro.

-Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.

-En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.

-Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.



XVII. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

1º, 2º, 3º eso e 4º da eso

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1. MODELO PARA O PROFESORADO

<b>ASPECTOS AVALIAR</b>	<b>A DESTACAR...</b>	<b>A MELLORAR...</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL</b>
Temporalización das Unidades Didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores de desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

2. MODELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE

<b>DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presento os contidos dando unha visión xeral do tema</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formulo actividades variadas.</li> </ul> <p>-Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nas actividades que proponho hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fágoo a sorteo.</li> <li>• Fago os grupos por niveis.</li> <li>• Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis</li> </ul> </li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora</li> </ul>				

• Emprego medios técnicos audiovisuais.				
• Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
• Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				
• Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
• Reviso e corrixo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.				
• Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.				
• No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propono novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
• No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propono novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.				
• Propono actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				
• Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
• Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
• Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

**Código:** 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

### 3. CUESTIONARIO SOBRE A AVALIACIÓN

<b>SOBRE A AVALIACIÓN</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a:</li> <li>• Promoción do alumnado.</li> <li>• Adopción de medidas de atención á diversidade.</li> <li>• Elaboración do Consello orientador.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos.</li> <li>• Listas de control.</li> <li>• Escalas de valoración.</li> <li>• Anecdótico.</li> <li>• Diarios de clase.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación:</li> <li>• Coherentes cos estándares de aprendizaxe .</li> <li>• Adaptados a diversidade dos alumnos.</li> <li>• Diferentes según os contidos tratados</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego a autoavaliación do alumnado</li> </ul>				

**Código:** 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

#### **CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO**

<b>INDICADORES</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos según as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada				
• Participo activamente (aporto ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle o profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				
• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia o/a titor/-a				
• Preocúpome por poñerme o día na materia cando falto a clase.				
• Adoito unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adoito unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara o estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

**Código:** 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

**XVIII. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

## CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Periodicamente, a lo menos unha vez ao mes, coincidindo cunha reunión ordinari do departamento, realizarase unha análise da programación para avaliar os contidos traballados, o desenvolvemento das actividades realizadas e a consecución de acordo coa súa temporalización.

A final de curso realizarase unha avaliación global, tendo en conta os resultados das avaliacións periódicas e as novas propostas, para introducir as posibles modificacións que nos conduzan a unha redacción reformada para o seguinte curso.

Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica deste curso 2016-2017 son de dous tipos:

### A) Unha avaliación de progreso:

1. Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.
2. Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

### B) Unha avaliación final:

1. Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.
2. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

## PROPOSTAS DE MELLORA

POTENCIAR MÁIS AS CAPACIDADES ORAIS DO ALUMNADO

POTENCIAR A INTERDISCIPLINARIEDADE

POTENCIAR A INTERCULTURALIDADE

Asumir como propias as propostas de mellora que se tomen a nivel do conxunto do centro

## XIX. CONSTANCIA DE INFORMACION AO ALUMNADO

Ao comezo de cada curso o alumnado recolle a información desta programación. Contidos, obxectivos, estándares mínimos...avaliación...e toma nota nos seus cadernos.

## XX. Acción de contribución ao plan de convivencia.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

- ~ Asistencia puntual e diaria ás clases.
- ~ Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.
- ~ Respetto para as persoas que teñen crenzas distintas.
- ~ Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
- ~ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- ~ Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
- ~ Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- ~ escoitar para entender.
- ~ Compartir cos demais.
- ~ Respetto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
- ~ Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
- ~ Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.



**IES XOÁN MONTES**  
**LUGO**  
**RELIXIÓN CATÓLICA**  
**1º e 2º DE BACHARELATO**  
**CURSO 2019-20**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

# Relixión Católica

## Bacharelato

**A presente programación basease na lexislación vixente LOMCE, A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e en concreto:**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA**

*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

E

*Resolución de 13 de febrero de 2015, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la enseñanza de Religión Católica de Bachillerato.*

## 1. **Introdución e contextualización.**

O IES Xoán Montes é un Centro Urbano, cuns trescentos alumnos e alumnas.

O medio sociocultural do centro é Medio, cun índice alto e alumnado estranxeiro.

O Centro desenvolve varios programas: bibliotecas, comenius....

Neste contexto:

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A relixión é un feito presente innegablemente na humanidade e na nosa sociedade, por iso a necesidade dun estudo sistemático para comprender a nosa historia e cultura galegas que están conformadas por crenzas, símbolos e valores do cristianismo. O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores nos que a persoa naceu e que se denomina tradición.

Así, o currículo de Relixión Católica contribúe á educación integral do estudante nesa necesidade pois responde á dimensión relixiosa de todo ser

humano e, á vez, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, é promovido o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psicolóxico e evolutivo do alumnado.

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante “dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións” no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

O Acordo Internacional que subscribiu o Estado Español coa Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, outorga (art. 6) a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica. Esta programación é desenvolvida, consecuentemente, segundo as orientacións da Comisión Episcopal correspondente que dispuxo catro bloques de contidos os cales se espallan aquí en tres avaliacións para cada un dos niveis do centro.

A educación, entendida como un proceso que pretende o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, favorece a maduración do conxunto das súas dimensións, axudándolle a formarse a súa identidade á vez que lle introduce de xeito activo na sociedade.

A dimensión relixiosa, co seu sentido globalizador, é unha das que máis contribúe ao logro dunha auténtica maduración da persoa. O carácter integral da educación reclama unha concepción da realidade, unha cosmovisión, na que se descobre o verdadeiro sentido do que uno é e do que fai.

A etapa de Bacharelato supón, dende o punto de vista psicoevolutivo, a procura da autonomía, o que conleva un permanente contraste entre o presente e a tradición para afrontar o futuro. O alumno comeza a reler a súa historia á luz da súa propia experiencia, cuestionando o depósito transmitido de saberes, crenzas e experiencias recibidas.

## **2. A materia de relixión e moral católica contribue na súa medida a acadar os obxectivos do bacharelato**

### Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

O ensino da relixión católica axuda a iluminar a historia persoal e social, a respectar e interpretar o conxunto de valores e significados presentes na realidade, ofrecendo claves de interpretación que dan sentido ao que facemos.

O artigo 24 do Real Decreto 1105/2014, establece que o Bacharelato ten a finalidade de proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permita desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. A devanditos logros pode contribuír de xeito satisfactorio o ensino da relixión, facilitando o desenvolvemento do xuízo crítico, ensinando a observar e analizar a realidade con respecto, en claves de liberdade, responsabilidade, verdade e apertura á cuestión do sentido.

O presente currículo toma en consideración a aprendizaxe por competencias, busca, dende a antropoloxía cristiá, a consecución e dominio das mesmas. Dado que a competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais, esfórzase por reflectir a achega



específica que este ensino ofrece ao proceso humanizador que conlleva a educación.

A importancia que a asignatura de relixión outorga á inculturación da fe, nos distintos contextos, é un feito positivo que a converte nun magnífico instrumento para a comunicación e o diálogo nun mundo cada vez máis plural. Á súa vez, asume como punto de partida os obxectivos que se fixan na etapa para o desenvolvemento das diversas capacidades.

Convén destacar no haber desta asignatura a axuda á promoción dos dereitos humanos e ao exercicio da verdadeira cidadanía, fomentando a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa. Preocúpase tamén de conseguir nos alumnos unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma, dende un espírito crítico e constructivo.

Non menos importante é a axuda que presta ao alumno para coñecer e valorar críticamente, desde unha cosmovisión cristiá, as realidades do mundo contemporáneo e os seus antecedentes históricos, destacando o labor da Igrexa en todo o enriquecemento cultural.

Esta asignatura promove tamén o desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, mostrando a beleza, a verdade e o ben como fontes do enriquecemento persoal e cultural.

Para o logro destes obxectivos, a través dos procesos de ensino-aprendizaxe, o currículo de relixión en Bacharelato propón a división dos seus **contidos en catro bloques temáticos: antropoloxía cristiá, doutrina social da Igrexa, relación razón, fe e ciencia e, para rematar, a Igrexa como**

**xeradora de cultura ao longo da historia.** Deste xeito, preténdese que o alumno dispoña dos suficientes coñecementos, procedementos e actitudes que lle permitan dar resposta, desde a cosmovisión cristiá, aos retos que lle presenta o mundo contemporáneo.

**Os contidos procedimentales** da materia de relixión católica facilitan estratexias e procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos adquirense ao longo do desenvolvemento curricular e colaboran, de xeito eficaz, á consecución das competencias asignadas no currículo de Bacharelato. **Concretamente os contidos procedimentales de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.**

Entre os **contidos procedimentales básicos da materia de relixión católica atopamos os seguintes:**

- *Observación da realidade.* O feito relixioso nace da apertura do ser humano á realidade total. A asignatura de relixión católica pretende colaborar na formación da dimensión natural que nace do asombro ante o real e empúxanos a preguntas últimas sobre o sentido. Observar é máis que ver e require dun adestramento en disposicións específicas que non rehúyan as dimensións espirituais do real.

- *Procura de información, manexo e interpretación de fontes bíblicas.* O estudo do cristianismo require o manexo das Sagradas Escrituras e textos referidos ás mesmas que forman parte do corpus teolóxico acumulado ao longo da historia.

- *Reflexión crítica.* O desenvolvemento da materia axuda a coñecer a xénese das ideas dominantes, a detectar prejuicios fronte á verdade, a examinar con profundidade as propias ideas e sentimentos fundamentais.

## 7.2. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

### **Programa de recuperación:**

- **Da propia materia durante o curso**

Para aqueles alumn@s que durante o curso non acadaran unha cualificación de cinco puntos, facilitaráselles procedementos de recuperación das avaliacións parciais, ben por medio de probas obxectivas ou de probas para avaliar coñecementos, segundo sexa o caso.

- **De materias pendentes doutros cursos**

As medidas e os programas de recuperación serán as que estipule a lexislación vixente. En todo caso facilitaranse plans de traballo individualizados para facilitar que o alumno/a acade os obxectivos e mínimos esixibles.

## 8. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Periodicamente, a lo menos unha vez ao mes, coincidindo cunha reunión ordinaria do Departamento, realizarase unha análise da programación para avaliar os contidos traballados, o desenvolvemento das actividades realizadas e a consecución de acordo coa súa temporalización.

A final de curso realizarase unha avaliación global, tendo en conta os resultados das avaliacións periódicas e as novas propostas, para introducir as posibles modificacións que nos conduzan a unha redacción reformada para o seguinte curso.

Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica deste curso 2015-2016 son de dous tipos:

A) Unha avaliación de progreso:

3. Habrá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.

4. Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:

5. Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.

6. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

### **PROPOSTAS DE MELLORA**

POTENCIAR MÁIS AS CAPACIDADES ORAIS DO ALUMNADO

POTENCIAR A INTERDISCIPLINARIEDADE

POTENCIAR A INTERCULTURALIDADE

Asumir como propias as propostas de mellora que se tomen a nivel do conxunto do centro

## **9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

De xeito xeral avaliación inicial consiste na realización dunha redacción sobre algún puntos centrais da materia e do curso co fin deber



non só o grado de coñecemento sobre eles senón a expresión, a síntesis....a análise que a persoa alumna é capaz de realizar.

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desta proba serán os axeitados aos contidos mínimos dos cursos anteriores da ESO. No caso de esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

## **10. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

Entenderase que un alumn@ obten avaliación positiva cando acadar un 5, en cada unha das avaliacións. Facilitaranse procedementos de recuperación das avaliacións parciais, ben por medio de probas obxectivas ou de probas para avaliar coñecementos, segundo sexa o caso. O final da terceira avaliación a nota haberá de ser de 5 puntos, alomenos.

Entenderase que un alumn@ acadar os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva cando saiba dar razón oral e escrita dos contidos programados, amosando un grao suficiente de logro dos obxectivos e

competencias básicas; haberá de amosar un grao de comprensión e interrelación (mínima) suficiente e de expresión das temáticas traballadas, así como de ter asimilado, de xeito xeral, o groso dos elementos programados e estratexias metodolóxicas.

Os/as alumnos/as, amosarán un manexo básico, oral e escrito dos seguintes aspectos:

### Grao mínimo de consecución para superar a materia(1º Bach).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS	VALOR
Que o alumno Identifique e diferencie a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.	20%
Que o alumno cualifique as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo contrastando coa proposta de salvación que ofrecen as relixións.	20%
Que o alumno comprenda e defina con palabras persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade aplicando a situacións concretas os principios do pensamento social da Igrexa	20%
Que o alumno identifique, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica.	20%
Que o alumno estude, analice e defina o concepto de cultura en diferentes épocas e o contraste co carácter antropolóxico do ensino da Igrexa.	20%

### Grao mínimo de consecución para superar a materia(2º Bach).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS	VALOR
Que o alumno Identifique e explique os diferentes problema bioéticos relacionados coa orixe, desenvolvemento e final da vida	20%
Que o alumno cualifique as respostas diferentes que as distintas relixións e ideoloxías propoñen para solucionar os problemas de xustiza no mundo	20%
Que o alumno comprenda e defina con palabras persoais o significado e relación dos conceptos <i>fe, ciencia e técnica</i> .	20%
Que o alumno identifique, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica.	20%
Que o alumno estude, analice e defina a importancia da Igrexa como xeradora de cultura ao longo da historia	20%

## 11. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

### MATERIAIS CURRICULARES e OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS 1º e 2º de bac

Libros de consulta. Bibliografía, materiales complementarios:

La Biblia.

AAVV. Norte y Sur

Alfonso Francia. Testimonios de Jóvenes.

Carlos Díaz. Manual de historia de las religiones.

M. Benzo. Sobre el sentido de la vida.

La Doctrina Social de la Iglesia.

Jover. Cristo en el arte.

Vídeo/DVD. Tramos cinematográficos de:

La vida de los otros

El festin de Babette.

El Jardinero fiel.

GRBAVICA. El secreto de Esmá.

Babel.

Recursos informáticos:

Presentacións en power point.

Artehistoria.

Webquest.

Actividades JClic, Hot potatoes, ...

Catholic.net (buscador de páginas católicas) y similares.

Empregaranse tamén técnicas de expresión oral e escrita, dramatizacións... Neste sentido sinalar a importancia do emprego de todos aqueles materiais procedentes de Internet, outras redes, ou calquera outro soporte dixital.

## 12. Medidas de atención á diversidade.

*“La atención a la diversidad implica conocer, respetar, aceptar, valorar y responder a las diferencias individuales y culturales de los alumnos y alumnas y evitar cualquier tipo de discriminación. Educar en y para la diversidad significa desarrollar actitudes y comportamientos cooperativos y plurales, propiciar pautas de aprendizaje que den juego a todos los implicados en los procesos educativos, independientemente de su sexo, raza, cultura, deficiencia,... ha de ser un principio y una meta de la enseñanza, pero también camino y proceso” (Sáez, 1997).*

A mesma definición de Proxecto Curricular constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas

programacións de aula e nas súas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación ós intereses, capacidades e motivacións dos alumnos, respectando sempre un traballo común de base que permita a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Os recursos concretos para desenvolve-la serán, entre outros:

1.- Manexar metodoloxías diversas.

2.- As actividades propostas terán en conta a diversidade dos alumnos. En todas as actividades favoreceremos a autonomía e o traballo en grupo para enriquece-la autoestima. Desta forma, cada alumno verá que él en sí mesmo é capaz de resolvelo exercicio ou axudar a un grupo para que se resolva.

3.- Utilizar materiais didácticos non homoxéneos, dos que se podan derivar actividades para diferentes grados de complexidade. Estas actividades para o tratamento á diversidade serán:

- Exercicios e problemas de reforzo.
- Exercicios e problemas de ampliación.
- Exercicios e problemas de profundización.

4.- Facer agrupamentos flexibles e con ritmos distintos.

Todas aquelas que indique a lei.

## **13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciáveis no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

### ***1 e 2. Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita***

- As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.
- Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

### ***3. Comunicación Audiovisual***

- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás

analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

#### ***4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información***

- Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade
- Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

#### ***5. Emprendemento***

- Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.
- Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

#### ***6. Educación cívica:***

- Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.
- Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

### ***7. Prevención de violencia.***

- Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.
- Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.



#### Artigo 4. Elementos transversais

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Ademais:

Potenciarase a trasversalidade e o traballo interdisciplinar en cada una das avaliacións. Asemade, como quedou sinalado arriba, terase en conta de xeito especial todo o referente á educación multicultural, a educación para a paz, os dereitos humanos... e todo o que a lexislación vixente marque.

## 14. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Dentro deste apartado, o Departamento programa distintas actividades como son: visitas a museos, catedral de Lugo, realización dalgunha etapa do camiño de Santiago, visita a monumentos varios, conferencias e charlas sobre aspectos relacionados ca materia, ben na mesma aula ou fora dela.... Este Departamento de Relixión e Moral Católica, potenciará, neste eido, a participación activa do alumnado en conmemoracións, campañas ou calquera outro tipo de actividades propostas polo Centro, e/ou a autoridade educativa.

### ***Marco teórico***

Os obxectivos das actividades deste departamento de relixión son:

- \* Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
- \* Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- \* Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- \* Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno.

As actividades realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión

de Vicedirección. Por iso a temporalización concreta de cada actividade farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo e de outras materias e que ha de ser aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Este Departamento realizará as actividades en interrelación con actividades doutros Departamentos do Centro que xa estean programadas e apoiadas por os organismos responsables. E tamén nalgúns casos realizaranse as actividades en colaboración con outros Institutos para abaratar custos e para maior enriquecemento cultural dos alumnos.

Dentro deste apartado, o Departamento programa distintas actividades como son: visitas a museos, realización dalgunha etapa do camiño de Santiago, visita a monumentos, conferencias e charlas sobre aspectos relacionados ca materia, ben na mesma aula ou fora dela.... Este Departamento de Relixión e Moral Católica, potenciará, neste eido, a participación activa do alumnado en conmemoracións, campañas ou calquera outro tipo de actividades propostas polo Centro, e/ou a autoridade educativa.

Visita didáctica á catedral de Lugo e a o Museo Diocesano.

## 15. PROXECTO LECTOR

En cada una das sesións horarias adicarase alomenos 15 minutos á lectura comprensiva: lectura e interpretación de text

os orais e escritos, comentarios de textos... Escritura de textos, tanto tipo redacción, como diálogos, exposicións... Preténdese que o alumno-lector manifeste unha serie de habilidades:

- Empregar os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.
- Dirixir de xeito autónomo a súa lectura: atención, corrección de erros, ...
- Empregar estratexias para acadar a comprensión: revisión, insistencia...
- Distinguir o importante do que non o é en función da finalidade da lectura.
- Resumir o lido como estratexia de comprensión.
- Realizar preguntas sobre o lido.

Outro tipo de habilidades.

- Ler un mapa.
- Ler e distinguir os distintos aspectos dunha cita bíblica.
- Interpretar unha gráfica.
- Comprender signos e símbolos das distintas relixións.
- Interpretar un cuadro relacionandoo ca escena bíblica correspondente e entender o influxo do relixioso no arte.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2015-2016 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE.

De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

√ Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.

√ Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.

√ Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.

√ Os exemplares da Biblia e demais libros que se usen serán do Departamento de Relixión ou da Biblioteca do Centro polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

## 16. TICs

### **Obxectivos xerais para o profesorado:**

- Mellorar o plantexamento pedagóxico a través das TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programación, actividades, controis, fichas, ...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats,... e diversas redes de colaboración como internet.

### **Obxectivos xerais do alumnado:**

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e extensión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.

- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

De forma xeral, as TIC usaranse na aula para distintos fins e modalidades de traballo:

- Como una axuda para atender a diversidade
- Para enriquecer o desenvolver unha clase concreta
- Para desenvolvemento de unidades didácticas
- Como soporte da información contida en cd-rom e dvd.
- Para investigar a través do formato Webquest
- Para traballos guiados
- Para organizar foros de distintas materias entre centros que sirva de comunicación entre os colectivos de profesorado e de alumnado.
- Para consulta rápida en todo tipo de dicionarios.

En definitiva, dende este Departamento potenciarase e facilitarase a aprendizaxe e o emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na presentacións de traballos dos alumn@s, nas explicacións docentes, na busca de información en Internet; o encerado interactivo, o uso de gravadoras de voz e imaxe para a realización de pequenos curtametraxes....e todas cantas aquelas estean a disposición.

Desde as clases de Relixión contribuímos ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- ~ Uso de correo electrónico para informar aos alumnos da realización dalgunha tarefa e para recepción dos seus exercicios, actividades e traballos.
- ~ Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.
- ~ Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan. Como mínimo farán uso dun procesador de textos.
- ~ Creación de canles de comunicación con outros alumnos de Relixión doutros centros da mesma localidade e outras.
- ~ Blogs de aula coa participación activa do alumnado. Presentación dos contidos de xeito atractivo e novedoso desde os blogs da materia de Relixión.
- ~ Uso da Aula virtual do centro.
- ~ Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.
- ~ En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico



para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.

- ~ Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.

## 17. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

### INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

#### 2. MODELO PARA O PROFESORADO

ASPECTOS AVALIAR	A	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das Unidades Didácticas	das			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos	dos			
Manexo dos contidos da unidade				
Descritores de desempeños competenciais	e			
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				
Recursos				
Claridade nos criterios de avaliación				
Uso de diversas ferramentas de avaliación	de			

<b>Evidencias dos estándares de aprendizaxe</b>			
<b>Atención á diversidade</b>			
<b>Interdisciplinariade</b>			

### 3. MODELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE

<b>DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presento os contidos dando unha visión xeral do tema</li> </ul>				

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formulo actividades variadas.</li> </ul> <p>-Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nas actividades que proponho hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fágoos a sorteo.</li> <li>• Fago os grupos por niveis.</li> <li>• Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis</li> </ul> </li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego medios técnicos audiovisuais.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..</li> </ul>				

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reviso e corrijo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</li> </ul>				

**Código:** 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

#### 4. CUESTIONARIO SOBRE A AVALIACIÓN

<b>SOBRE A AVALIACIÓN</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Promoción do alumnado.</li> <li>• Adopción de medidas de atención á diversidade.</li> <li>• Elaboración do Consello orientador.</li> </ul> </li> </ul>				

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos.</li> <li>• Listas de control.</li> <li>• Escalas de valoración.</li> <li>• Anecdario.</li> <li>• Diarios de clase.</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación:</li> <li>• Coherentes cos estándares de aprendizaxe .</li> <li>• Adaptados a diversidade dos alumnos.</li> <li>• Diferentes según os contidos tratados</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación</li> </ul>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprego a autoavaliación do alumnado</li> </ul>				

**Código:** 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

#### CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO

INDICADORES	1	2	3	4
-------------	---	---	---	---

• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos según as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada				
• Participo activamente (aporto ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle o profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				
• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia o/a titor/-a				
• Preocúpome por poñerme o día na materia cando falto a clase.				
• Adoito unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adoito unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara o estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

**Código:** 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

## 18. CONSTANCIA DE INFORMACION AO ALUMNADO

Ao comezo de cada curso o alumnado recolle a información desta programación. Contidos, obxectivos, estándares... avaliación...e toma nota nos seus cadernos. Na Paxina Web do Centro. NAS FERRAMENTAS VIRTUAIS...

## 19. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

- ~ Asistencia puntual e diaria ás clases.
- ~ Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.
- ~ Respetto para as persoas que teñen crenzas distintas.
- ~ Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
- ~ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.

- ~ Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
- ~ Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- ~ escoitar para entender.
- ~ Compartir cos demais.
- ~ Respecto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
- ~ Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
- ~ Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.

## **XX ADDENDA**

**Medidas tomadas ou a tomar polo Departamento ao abeiro das Instrucións do 30 de xullo do 2020 da DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA. Valido para sucesivos cursos.**

**Sinalar que, de xeito xeral, as aprendizaxes imprescindibles para acadar as competencias clave foron adquiridas no curso anterior pola práctica totalidade do alumnado.**

**En todo caso, ao inicio da actividade lectiva este departamento revisará os informes individualizado do alumnado do curso anterior para detectar posibles casos onde o expresado no parágrafo anterior non se cumprise**



ao cen por cen.

Por outra banda, ao inicio desta actividade lectiva realizarase a avaliación inicial co fin de obter información actualizada e deseñar as medidas didácticas individuais ou colectivas que fosen precisas.

En todo caso, realizarase un **PLAN DE RECUPERACIÓN / REFORZO**, se fose preciso, para recuperar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior detectadas na avaliación inicial ou nos informes do alumnado de nova incorporación ao cento...durante o primeiro trimestre.

Finalmente, e con carácter xeral e global **FARASE UN REPASO** dos estándares de aprendizaxes da terceira avaliación co fin de darlle homoxeneidade e continuidade ao proceso pedagóxico didáctico de ensino-aprendizaxe, e para dar maior seguridade na consecución dos mínimos exixibles imprescindibles (aprendizaxes imprescindibles). A tal efecto presentarase un primeiro tema, tema de enlace con fin de facer a transición ao novo curso, amén de reforzar os elementos programados de xeito xeral para o curso 2021-22 no seu conxunto (tres avaliacións)

Neste eido, no tocante a o punto *d*, do apartado 7 destas

**INSTRUCCIÓNS QUE FORON CITADAS, AS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES**

**PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE,**  
son os expresados como **MÍNIMOS EXISIBLES** no corpo  
da Programación.

No que atinxe ao **PLAN DE REFORZO**, reforzaranse, como xa dixemos,  
o referente a programación da terceira avaliación do curso pasado e  
entroncar así ambos cursos, facendo tamén mención ás avaliacións anteriores  
a modo de reforzo.

Como xa sinalamos tamén, ao alumnado que non acadara os  
estándares e demais elementos programáticos do curso pasado facilitaráselle  
un plan de transición para poder acadalos no primeiro trimestre.

Estas actividades serán guiadas e tirorizadas polo profesor.

Asemade, no propio corpo da programación, van sinaladas tarefas globais,  
estratexias e instrumentos de avaliación que ven pudieran servir para  
acadar o obxectivo da **educación non presencial**. En todo caso para ESTE  
SUPOSTO, empregaranse tarefas de comprensión de textos, redacción de ensaios,  
cuestionarios on line..., debuxos, video debates telemáticos...exposición orais....  
e todas aquelas que xa veñen sinaladas no corpo da programación e podan ser  
desnvolvidas de xeito telemático nas plataformas  
de ensino a distancia ao uso.

**O PLAN DE REFORZO/RECUPERACIÓN** centrarase na consecución das aprendizaxes esenciais para acadar as competencias clave, cos instrumentos e tarefas básicas como redacción de pequenos ensaios, axeitados a cada nivel, nas aprendizaxes non acadadas, pequenos comnetarios de texto/imaxe, e outros, pequenos cuestionarios, etc...

No tocante ao punto 10 deste apartado das instrucións, sinalar que dase pulo á metodoloxía didáctica e recursos dixitais tanto no suposto de ensino presencial, como nos outros dous: semipresencial e a non presencial.

**NO TOCANTE A O PUNTO 11: AVALIACIÓN.** As ferramentas deseñadas no corpo desta programación co fin de determinar o nivel competencial do alumnado, son de doado uso no ensino presencial e nos outros dous supostos.

Tanto na eso como no BAC os procedmentos e instrumentos, e demais elementos de avaliación veñen deseñados nos puntos específicos ao efecto no corpo da programación. Sinalar en todo caso que, no caso de ser necesario, eses instrumentos e procedementos poderán ser empregados, na súa meirande parte, de xeito telemático.

(O uso de dispositivos móbiles na aula por parte do alumnado queda suxeito ás decisións concretas e particulares do profesorado nun momento concreto)

## **POSIBLES TRES ESCENARIOS:**

### **ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

**Desenvolvemento da programación segundo figura arriba, potenciando, en todo caso, o uso de ferramentas dixitais...aulas virtuais e demais instrumentos telemáticos á man.**

### **ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**

**Podese dar que haxa que dar clases alternativamente, de xeito presencial e de xeito semi-presencial. Nese escenario botaremos man de todas as ferramentas anteriormente citades e traballaremos tamén a presencialidade. Nesta semipresencialidade tamén se pode dar outro escenario, o de que un ou varios alumnos/as teñan que seguir as clases de xeito non presencial, nese suposto empregaranse as ferramentas telemáticas anteriormente citadas para soporte de imaxe, son, etc.**

**Outro suposto, improbable pero posible, é que haxa alumnado sen conexión, nin posibilidades telemáticas, aí botariase man de calquera outra ferramenta ao efecto, como ben puidera ser o teléfono, o correo ordinario....ou outras posibles.**

**Neste sentido o alumnado en semipresencializade sería titorizado destes xeitos que vimos dicindo.**

## **ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

**Aquí, neste suposto, habería que optar polo traballo con todas as ferramentas telemáticas anteriormente citadas e co que se sinalaba arriba referente ao correo ordinario, teléfono...**

**Nos supostos nos que parece necesario, a metodoloxía desta programación iría sempre cara a clases online, (Webex) ou a plataforma que sexa suxerida ) aulas virtuais, videodebates en clase,...e demais citadas, actividades telemáticas, etc. Empregase Classroom (G-Suite) Os códigos destas**

**Clases están visibles na aula virtual (Moodle); nesta mesma, Moodle, están creados os cursos e matriculado o alumnado tamen.**

**Para estes supostos poderán empregarse ferramentas metodolóxicas como videos explicativos, expositivos por parte do profesorado ou o polo alumnado, exposición de traballos...**

**No suposto de presencialidade tamén poderán ser traballadas estas metodoloxías telemáticas.**

**Como imos dicindo hai moitas e variadas ferramentas e estratexias metodolóxicas en calquera dos tres escenarios.**

**No tocante aos **obxectivos e competencias** sinalar que serán, de xeito xeral,**

os mesmos nos tres escenarios.

**A AVALIACIÓN, en cada un dos supostos SEGUIRÁ A SER CONTINUA.**

**Abondarase no seu carácter práctico. Potenciarase**

**o traballo cooperativo, aínda nas situacións semi presencial ou non presencial.**

**Os procedementos e instrumentos de avaliación programados, na súa práctica totalidade, e que figuran no corpo a programación tanto na ESO como no BAC, poden ser válidos á hora de traballar en calquera dos tres supostos ou escenarios, sencillamente realizaríanse de xeito telemático ou por calquera das outras vías descritas. Como xa quedou sinalado arriba.**

#### **XXI. ANEXO**

**De darse a reiteración de faltas de puntualidade sen xustificar (5 por Avaliación) o departamento preparará as oportunas actividades de compensación.**

**Do mesmo xeito, 3 faltas de asistencia na avaliación, sen xustificar, poderán levar aparellado a realización de tarefas de compensación.**

**En Lugo, a 15 de setembro de 2021**

**Asdo. Enrique-Luís Sánchez Arias**

**Xefe do Departamento de Relixión do IES XOÁN MONTES de Lugo**